



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE APROBAN AS BASES E SE CONVOCA O CONCURSO PARA ELABORAR A EXPOSICIÓN SOBRE A ESCRITORA E XORNALISTA BEGOÑA CAAMAÑO, A FIGURA HOMENAXEADA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

A Lei orgánica 1/1981, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, recolle as competencias da Comunidade Autónoma no tocante á promoción da cultura e da investigación en Galicia e mais á promoción e ensino da lingua galega.

Así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece que a Xunta de Galicia ten a obriga de estimular as manifestacións culturais en lingua galega e contribuír ao fomento do libro en galego.

A Secretaría Xeral da Lingua é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e da dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Por outra parte, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, determina que os equipos de dinamización da lingua galega (EDLG) terán a función de potenciar o uso do galego nos centros sostidos con fondos públicos.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde exercer as competencias e funcións que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de ordenación do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, así como de xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros educativos, en coordinación e con independencia das competencias concorrentes que poidan ter outros órganos da Consellería ou doutras consellerías.

En consecuencia, a Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

RESOLVEN:

Convocar un concurso entre os centros de ensino non universitario de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para elaborar unha exposición sobre a escritora e xornalista Begoña Caamaño, a figura homenaxeada en 2026 no Día das Letras Galegas.

Os obxectivos que se perseguen son os seguintes:

- 1 Potenciar o estudo da obra da figura homenaxeada.
- 2 Propiciar a reflexión sobre a situación sociolingüística do momento en que viviu.





- 3 Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas á dignificación e normalización da lingua galega.
- 4 Impulsar a realización de actividades que favorezan a colaboración entre os departamentos e a implicación activa do alumnado e do profesorado.
- 5 Difundir a figura de Begoña Caamaño entre a comunidade educativa.
- 6 Enriquecer a oferta de materiais didácticos existentes en lingua galega e promover a súa divulgación como referentes para outros centros.

BASES

1 Obxecto da convocatoria

Poderán presentarse ao concurso exposicións sobre a escritora e xornalista Begoña Caamaño, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 2026, e sobre a situación sociolingüística do momento en que viviu.

O eixe temático das exposicións será a obra e o período vital da figura homenaxeada, observada desde unha perspectiva interdisciplinaria; o percorrido biográfico será só un pretexto para abordar unha realidade complexa e heteroxénea.

2 Participantes

Poderán participar todos os centros docentes de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional aos que se refire a base terceira desta convocatoria.

Formarase en cada centro un equipo de docentes integrado por un número máximo de 10 persoas (agás excepcións debidamente xustificadas). Unha delas realizará as funcións de coordinación.

3 Categorías

Establécense dúas categorías de participación, segundo a etapa educativa:

Categoría A: educación infantil e primaria

Categoría B: educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial

Cada categoría comprende os centros que integran as ensinanzas indicadas. Os centros nos que se imparta educación infantil e/ou primaria e secundaria (CPI) e os centros de educación especial (CEE) poderán concursar nunha das categorías ou nas dúas (neste último caso, con dous traballos diferentes).

4 Premios

Concederase un premio para cada categoría de participación.

O centro que elabore a exposición gañadora de cada categoría recibirá un premio por valor de 2 000 € e un diploma.





Se a calidade dos traballos presentados non for a axeitada, os premios poderán quedar desertos.

5 Certificacións

O profesorado implicado activamente na elaboración das exposicións gañadoras recibirá da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional unha certificación de Primeiro Premio de Innovación Educativa, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante.

6 Metodoloxía

O traballo será cooperativo e implicará a colaboración activa do alumnado e do profesorado de diferentes departamentos, niveis, materias, áreas e/ou módulos.

7 Características dos carteis e da guía

A exposición constará de:

- 10 carteis de 70 x 50 cm, en disposición vertical; todos eles incluírán a epígrafe «Begoña Caamaño»; en cada un constará tamén o número correspondente e un título, que gardará relación co contido específico dese cartel. O lema «Día das Letras Galegas 2026» e mais os logos institucionais engadiraos a imprenta.
- Unha guía didáctica dunha extensión máxima de 32 páxinas; conterá unha serie de actividades para cada cartel, que terán o obxectivo de guiar a observación da exposición e fomentar o labor de investigación do alumnado. Incluirá portada —na que se recollerá o título— e contraportada, páxina de créditos, índice, biografía e bibliografía con webgrafía (a portada e a contraportada non computarán no número máximo de páxinas). Utilizarase a letra Xunta Sans.

Na guía da categoría A, as tarefas estarán distribuídas por niveis (infantil/primaria —e, neste último, clasificadas por ciclos e/ou cursos—) e, co fin de favorecer a inclusión e a accesibilidade, presentaranse tamén actividades ou recursos para alumnado con NEAE. Na da categoría B, as actividades estarán clasificadas en 10 bloques, en relación con cada cartel.

Os traballos serán orixinais e inéditos. A técnica que se utilizará será libre e presentaranse preferiblemente en cor.

Todas as imaxes, citas textuais e materiais audiovisuais que se utilicen nos carteis e na guía deben ser de uso libre e/ou ter licenza de uso gratuíto para este fin educativo (os centros educativos deberán solicitárllela ás persoas propietarias dos dereitos de autoría antes de empregaren estes materiais na confección dos carteis e da guía).

Co obxecto de que sexan lexibles, os textos dos carteis da categoría A terán unha extensión máxima de 80 palabras, e os da categoría B non superarán as 250 palabras. O tamaño de letra mínimo será de 14 puntos. En calquera caso, os





equipos de traballo deben comprobar que a información dos carteis é lexible tanto na versión física como na dixital.

Os materiais presentaranse en formato dixital; os carteis, en PDF (modo de cor CMYK, resolución máxima) e JPG (cunha resolución entre 100 e 200 píxeles/polgada), e a guía didáctica, en PDF e mais en versión editable.

Descartaranse os traballos que non atendan a estas características.

8 Presentación da solicitude de participación e envío dos traballos

A solicitude de participación no Concurso-Exposición Letras Galegas 2026 presentarase exclusivamente a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante o procedemento xenérico PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

Será a dirección do centro a que faga a solicitude; estará dirixida á Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e citará o Concurso-Exposición Letras Galegas 2026, a categoría pola que concorre e o nome do centro.

Coa solicitude achegaranse o anexo I (solicitude), o anexo II (certificación da dirección coa relación do profesorado que participou de forma activa) e o anexo III (documento coa ligazón de descarga), que acompañan esta convocatoria, debidamente cubertos.

Os traballos enviaranse, previamente, a través de We Transfer ou Google Drive, ao seguinte enderezo electrónico: sxpl.planificacion@xunta.gal. A dispoñibilidade de descarga nestes repositorios estará garantida durante 15 días como mínimo.

9 Prazo

O prazo de presentación da solicitude e dos traballos rematará o día 23 de xaneiro de 2026 (incluído).

10 Comisión de Selección

Para o ditame dos premios constituirase unha comisión de selección que estará integrada polos seguintes membros:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística ou a persoa en quen delegue, que actuará de presidenta.
- Unha persoa asesora técnica designada pola Secretaría Xeral da Lingua, que se encargará dos contidos educativos.
- Unha persoa asesora técnica designada pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- As persoas coordinadoras de ámbito territorial dos equipos de dinamización da lingua galega.
- Unha persoa funcionaria da Secretaría Xeral da Lingua, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.





11 Criterios de valoración

A Comisión de Selección terá en conta os seguintes criterios de valoración:

- Ampliación da perspectiva de coñecemento da escritora e xornalista Begoña Caamaño, de acordo cos obxectivos das bases, e carácter motivador da proposta.
- Inclusión de actividades que garden relación directa co obxecto de divulgar a obra e o período vital da figura homenaxeada e que estean dirixidas a distintos ámbitos de coñecemento, e adecuación destas ao alumnado ao que están destinadas.
- Orixinalidade e innovación da proposta.
- Calidade lingüística (orde, claridade, coherencia e corrección lingüística na presentación).
- Calidade técnica e estética.
- Nivel de implicación da comunidade educativa e incidencia nesta.

Valorarase que os traballos presentados inclúan algún elemento orientado a facer máis accesible e inclusivo o seu contido para as persoas con diversidade (funcional, comunicativa, cognitiva, cultural etc.).

12 Distribución das exposicións gañadoras

A exposición e a guía didáctica seleccionadas para cada unha das categorías serán impresas e distribuídas en máis de 1800 puntos de Galicia e do exterior, tales como centros de ensino, centros de estudos galegos, centros da emigración, concellos, bibliotecas municipais e casas da cultura, entre outros. Nela figurarán o lema Día das Letras Galegas 2026, os logotipos institucionais da Xunta de Galicia e o nome e mais o concello do centro gañador. Estes elementos engadiraos a imprenta.

Tamén serán publicadas no Portal da lingua galega da Secretaría Xeral da Lingua, en versión dixital de calidade para descargar.

13 Responsabilidades legais

A Secretaría Xeral da Lingua quedará eximida de toda responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da lexislación vixente na que puideren incurrir as persoas participantes en materia de propiedade intelectual.

14 Difusión dos traballos gañadores

A Secretaría Xeral da Lingua reserva para si o dereito a organizar exposicións e/ou editar, reproducir, exhibir ou publicar a imaxe ou o contido dos traballos presentados, por calquera medio que considere oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.





15 Propiedade intelectual

O concepto creativo global do traballo é de explotación exclusiva da Secretaría Xeral da Lingua. Todos os materiais que se produzan pasarán a ser propiedade da Secretaría Xeral da Lingua que, de acordo coas autoras e os autores, poderá realizar modificacións que melloren o resultado final e faciliten acadar os obxectivos desta convocatoria.

16 Modificacións

Os centros gañadores deberán entregarlle á Secretaría Xeral da Lingua os traballos presentados nun formato de alta resolución que permita realizar as modificacións que, de acordo coas autoras e os autores, cumpra realizar.

17 Protección de datos de carácter persoal

No desenvolvemento desta convocatoria respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06.12.2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán acceder aos seus datos, rectificalos e suprimilos, así como exercer outros dereitos nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

18 Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación destas bases. A Secretaría Xeral da Lingua queda facultada para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Lingua

A directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

Valentín García Gómez

Judith Fernández Novoa

